



SETE MUÍÑOS-ESCÁDEBAS


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 3 km (ida e volta)

Dificultade: baixa

Duración: 1 hora



Unha pequena ruta (3 km ida e volta) para gozar do río, a vexetación, o bosque de ribeira e os elementos etnográficos do entorno. Unha ruta que podería servir de exemplo para outras, doada, sinxela, un simple carreiro, que mantén aberto o paso da xente, cos elementos mínimos para facilitar o tránsito e a información clara e ben disposta nos lugares de interese.

COMO CHEGAR:

Desde Guitiriz séguense os indicadores á área recreativa de Sete Muíños, onde comeza a ruta, indicada como Ruta da Auga e da Pedra. Pódese facer lineal, ida e volta pola beira do río; ou circular, subindo a Escádebas e volvendo por un camiño polo monte.

Tamén se pode chegar camiñando desde Guitiriz por un sendeiro que remonta o río ata a área recreativa (forma parte dunha ruta máis grande, a "Ruta da Auga" que vai desde o Balneario de Pardiñas ata a ponte de Santo Alberte.



Área recreativa de Sete Muíños



Fervenza dos Sete Muíños





Isoetes fluitans, un fento acuático moi escaso



Restos dunha moa hidráulica para afiar aparellos do campo.



Ponte de Escádebas

